

ACTA DA XUNTA DE FACULTADE DE 17 DE XULLO DE 2015

Pilar Allegue Aguate
Jaime Aneiros Pereira
Francisco Torres Pérez
Magdalena Barahona Martín.
Cristina Bruna Quintas
Julio Costas Comesaña
Carmen Domínguez Rubira
Pablo Fernández Carballo-Calero
Margarita Fuenteseca Degeneffe
Regina Ibáñez Paz
Baltasar Manzano González
Ángel Manuel Mariño de Andrés
Helena Martínez Hens
Luis Miguel Muleiro Parada
Amparo Rodríguez Damián
Carmen Ruiz Hidalgo
Anxo Tato Plaza
Pilar Trigo Gómez
Teresa Estévez Abeleira
Irene Álvarez Francés
Agustín Francisco Bargiela
Nieves López Prieto
Paula Ramil Vázquez
Fernanda Rivas Suances
Antonio Vázquez Escudero

Sendo as 11:38 horas do día 17 de xullo de 2015 e estando presentes os membros que

se relacionan a continuación –existindo o quorum preceptivo-, comenza a Xunta de Facultade.

Preside a Xunta, en ausencia da Decana por permiso de investigación no estranxeiro, a Vicedecana Pilar Allegue Aguate.

A orde do día é a seguinte:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Adopción de acordo sobre a admisión da recusación presentada polo alumno don Guillermo Fabián Blanco González respecto do profesor don Xosé Francisco Teixeira Bautista como membro do tribunal avaliador da materia Política Monetaria.
3. Designación, se procede, de novo membro do tribunal avaliador da materia Política Monetaria.
4. Aprobación, se procede, dunha nova data e hora de exame para a materia Política Monetaria.
4. Rogos e preguntas.

De seguido se reflexan os acordos e principais cuestións tratadas.

Punto primeiro. Aprobación, si procede, da acta da sesión anterior.

Apróbase por asentimento da acta da sesión anterior sen modificación alguna.

Punto segundo. Adopción de acordo sobre a admisión da recusación presentara polo alumno don Guillermo Fabián Blanco González respecto do profesor Xosé Francisco Teixeira Bautista como membro do Tribunal avaliador da materia Política Monetaria.

A Vicedecana Pilar Allegue informa que o posible acordo deriva do enfrentamento que tivo lugar no despacho da profesora Ana Esther Castro por parte do alumno e do feito de que o profesor Xosé Francisco Teixeira Bautista fose testigo dos feitos.

Se aproba por asentimiento de todos os presentes admitir a recusación plantexada.

Punto terceiro. Designación, se procede, de novo membro do tribunal avaliador da materia Política Monetaria

Admitida a recusación, se expón a composición do Tribunal que propón o Departamento:

Presidente: Xosé Carlos Arias Moreira

Secretaria: Xulia González Cerdeira

Vogal: Gonzalo Caballero Míguez

Se aproba, por asentimento dos presentes, a nova composición do Tribunal

Punto cuarto. Aprobación, se procede, dunha nova data e hora de exame para a materia Política Monetaria

Se proón a data do martes 21 de xullo de 2015 ás 10 da mañá

Se aproba por asentimento dos presentes

Punto quinto. Rogos e preguntas

Intervén a profesora Magdalena Barahona para relatar os feitos acaecidos no despacho da profesora Ana Esther Castro e que, segundo a súa exposición, consistiron nunha agresión

O prof. Francisco Torres Pérez suscribe, a título persoal, o relato dos feitos que fai a profesora Barahona e expresa o seu apoio absoluto á profesora Ana Esther Castro.

Tamén intervén a profesora Pilar Trigo para suscribir o dito pola profesora Magdalena Barahona e dicir que non se pode tolerar a existencia de agresións a profesores.

A profesora Bruna suscribe, tamén, a exposición dos feitos da profesora Barahona.

O profesor Francisco Torres explica que a profesora retirou a denuncia penal e que o procedemento segue o seu curso na Universidade.

A Vicedecana, Pilar Allegue, sinala que non é intención do Decanato prexuzgar os feitos senón manter unha posición obxetiva e cumprir co procedemento

Non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión ás 11:58 horas do que, como Secretario accidental, dou fe.

Vigo, 17 de xullo de 2015.

Jaime Aneiros Pereira